

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP XULIO CAMBA
CURSO: EDUCACIÓN INFANTIL
MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
- escoita con interese os diferentes relatos lidos na aula. (4º, 5º, 6º)	- Observar e descubrir elementos e relatos relixiosos cristiáns que permitan ao neno desenvolver os valores e actitudes básicas de respecto, confianza, alegría e admiración.
- Recoñece que o máis importante do Nadal é celebrar o nacemento de Xesús (4º, 5º, 6º)	- Coñecer que Xesús naceu en Belén, que é amigo de todos e que nos quere.
- Participa no canto de panxoliñas para expresar a alegría e a ilusión que esperta o Nadal. (4º, 5º, 6º)	- Coñecer algunhas panxoliñas e mostrar interese nelas.
- Coñece o relato da visita dos Magos a Xesús. (4º, 5º, 6º)	- Saber que os Magos levaron agasallos polo nacemento de Xesús.
- Ten interese por coñecer a vida de Xesús e María. (5º, 6º)	- Descubrir que a Virxe María é Nai de Xesús e tamén Nai de todos os cristiáns que forman unha gran familia.
- Amosa actitudes de agradecemento cara ás persoas que nos queren e nos coidan. (4º, 5º, 6º)	- Favorecer a realización de actividades que promovan a participación, a cooperación e a xenerosidade como medio de expresar e o amor de Deus.
- Valora a importancia de pedir perdón e de facer as paces para sentirse ben. (4º, 5º, 6º)	- Sentirse ben cando se enfada e logo fai as paces.
- Coñece os membros da súa familia e os relaciona coa familia de Xesús. (4º, 5º, 6º)	- Observar as manifestacións da contorna familiar, social e natural que expresan a vivencia da fe católica para sentirse membro da comunidade relixiosa á que pertence.
- Observa e distingue elementos da natureza e amosa respecto cara eles. (4º, 5º, 6º)	- Respetar ás persoas e as cousas da súa contorna, coidalas e preocuparse delas, como Xesús fixo e nos ensinou a facer.
- Identifica o templo como a casa onde se reúnen os amigos de Xesús. (5º, 6º)	- Coñecer que á igrexa é a casa de Xesús

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Revisión das cualificacións da 1º e 2º avaliación. A maiores e de xeito unicamente positivo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valoración da participación nas actividades propostas. - Análise das producións recibidas do alumnado: esforzo e interese amosado.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fichas impresas sobre os contidos de repaso/reforzo deste período, traballo online , fotos das tarefas, vídeos que manden... - Diario de actividade do profesorado.
Cualificación final	<p>A avaliación en Ed. Infantil basease na observación directa da realización das actividades propostas. Teranse en conta os resultados obtidos nas avaliacións do 1º e 2º trimestre e as actividades de repaso/reforzo propostas ás familias.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Presentarase ao alumnado actividades de repaso/reforzo dos contidos traballados durante o 1º e 2º trimestre.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Semanalmente súbense as tarefas do alumnado á aula virtual. Mediante o correo electrónico pódome en contacto coas familias para mandarlle a tarefa. Máis adiante, respóndenme cun e-mail cós exercicios feitos, para que despois os envíe corrixidos.</p> <p>As familias que dispoñen de impresora poden imprimir as fichas pero non é imprescindible xa que poden facelas no caderno, sen necesidade de recurrir á impresión.</p> <p>Dadas as dificultades dalgúns familias para dispoñer de dispositivos electrónicos para o traballo online, de conexión de calidade de internet... o centro facilita as fichas impresas para que cheguen a todos cada semana.</p> <p>O alumnado ten toda a semana para realizar as tarefas e ao rematar debe facelas chegar polo medio estipulado: correo electrónico. A finalidade é que haxa un feedback entre alumnado-profesorado e poder facer un seguimento da evolución de todo o alumnado.</p> <p>As familias poden poñerse en contacto coa titora ou conmigo para calquera dúbida ou problema.</p>
Materiais e recursos	<p>Fichas impresas de repaso de contidos, aula virtual, web...</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Web do centro, aula virtual, Abalarmóbil, correo electrónico...
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.